

A Aula Multimedia do Concello de Verín acolle o vindeiro luns 9 de marzo, desde as 18 ás 20 horas, a realización do obradoiro Portal 060, a única web que ofrece aos usuarios a posibilidade de acceder aos servizos da Administración Pública de tres formas distintas: segundo o perfil de usuario, en función de diferentes áreas temáticas para cidadáns ou empresas e atendendo a feitos vitais.

Devandito obradoiro, destinado a un máximo de 12 usuarios/as, está organizado polo Plan Avanza, Red.e, Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e os Ministerios de Administracións Públicas e Industria, Turismo e Comercio, en colaboración co Concello de Verín.